

CONCURSO DE CARTEIS

"9 de maio, Día de Europa"

A Xunta de Galicia convoca o **Concurso de carteis "9 de maio, Día de Europa"**, dirixido aos centros educativos de Galicia con motivo da celebración do Día de Europa.

O obxectivo do concurso é fomentar a comunicación e a difusión da Unión Europea e dos fondos europeos nos centros educativos galegos, achegando ao alumnado os valores da construción europea e a contribución da política de cohesión ao desenvolvemento económico, social e territorial de Galicia.

Prazo de presentación: ata o 23 de abril de 2026, ás 15:00 horas.

QUEN PODE PARTICIPAR?

Pode participar alumnado de centros educativos de ensino non universitario de Galicia, nas seguintes categorías:

- **Educación Primaria:** alumnado de 3º a 6º curso.
- **ESO (1º e 2º):** alumnado de 1º e 2º da ESO e alumnado de Educación Especial.
- **ESO (3º e 4º):** alumnado de 3º e 4º da ESO.

Cada centro educativo poderá presentar un máximo de dous traballos por categoría.

COMO DEBEN SER OS CARTEIS?

Os carteis deberán transmitir unha mensaxe positiva sobre a Unión Europea e a contribución dos fondos europeos ao desenvolvemento de Galicia.

Deberán incluír obrigatoriamente:

- A frase **"9 de maio, Día de Europa"**.
- Un **lema en galego** relacionado coa Unión Europea e os fondos europeos.

Características técnicas:

- Formato **DIN A3** (horizontal ou vertical).
- Presentación en **formato papel** e en **formato electrónico (PDF ou JPG)**.
- Técnica e estilo libres.

DOCUMENTACIÓN DA CONVOCATORIA

- **Bases da convocatoria do concurso de carteis "9 de maio, Día de Europa" (PDF)**

URL: [<https://fondoseuropeos.xunta.gal/documents/d/fondos-europeos/bases-concurso-9-de-maio-dia-de-europa-2026-asinada-1>]

- **Anexo I – Ficha técnica de participación (PDF)**
- URL: [<https://fondoseuropeos.xunta.gal/documents/d/fondos-europeos/anexo-bases-concurso-9-de-maio-dia-de-europa-2026-gl-1>]

PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS

Os traballos deberán presentarse **obrigatoriamente en dous formatos**:

1. Formato papel

Cartel orixinal, remitido por correo postal ordinario ao seguinte enderezo:

Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos
Consellería de Facenda e Administración Pública
Edificio Administrativo San Caetano, s/n 15781 Santiago de Compostela – A Coruña

No sobre deberá figurar a lenda: **“Concurso de carteis 9 de maio, Día de Europa”**.

2. Formato electrónico

Reproducción do cartel en PDF ou JPG, remitida por correo electrónico a:

dxfondos-estudios.facenda@xunta.gal

O envío electrónico dentro do prazo será requisito indispensable para a admisión provisional do traballo.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Xunto co cartel deberá presentarse, **separadamente**, o **Anexo I**, que incluirá:

- Categoría de participación.
- Nome e apelidos do alumnado autor.
- Etapa educativa e curso.
- Profesorado titor.
- Datos do centro educativo.
- Persoa de contacto.
- Memoria breve explicativa do traballo (máx. 1.000 palabras).

Descargar Anexo I – Ficha de participación (PDF)

URL: [<https://fondoseuropeos.xunta.gal/documents/d/fondos-europeos/anexo-bases-concurso-9-de-maio-dia-de-europa-2026-gl-1>]

MÁIS INFORMACIÓN

- **Fondos Europeos Galicia**
URL: [<https://fondoseuropeos.xunta.gal>]
- **Portal Educativo da Xunta de Galicia**
URL: [<https://www.edu.xunta.gal>]